

Celga



3

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-B-06

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación lea vostede esta entrevista a Rosa Vázquez, unha especialista en terapia artística. Tome as notas que precise.

AS CLAVES DA TERAPIA ARTÍSTICA PARA ROSA VÁZQUEZ

En que casos se pode usar unha terapia artística?

En moitas ocasións é moi difícil ou demasiado doloroso comunicar con palabras determinados conflitos, sentimentos ou traumas do pasado. Outras veces non se atopan as palabras apropiadas; quizais se trate dun estado interno desagradable, unha angustia que non se sabe con certeza de onde vén, unha sensación de desasosego, de insatisfacción, temor, incerteza... ou unha amálgama de sentimentos confusos cuxa expresión resulta sumamente complicada. Pero é moi difícil chegar a sandar esas vellas "feridas da alma" se se manteñen ocultas, sen prestarlles atención, tratando de correr un tupido veo sobre elas.

Mais non é aconsellable empuxar unha persoa a tratar devanditos conflitos ou traumas se non se sente preparada, así como tampouco é aconsellable provocarlle un sufrimento innecesario ao facerlle recordar acontecementos tan dolorosos. Que facer, entón, nestes casos? Ás veces o tempo é suficiente para conseguir a forza necesaria para empezar a lles facer fronte aos problemas, pero noutras ocasións podemos recorrer a unha forma máis suave e sinxela de facelo: a arte.

Que fundamentos ten a terapia artística?

O ser humano usou a arte como modo de expresión mesmo antes de que aparecese a linguaxe verbal. Os xamáns de antigas culturas africanas e americanas utilizárona en rituais de curación e os psicoterapeutas viron o proceso artístico como unha forma de expresar sentimentos e conflitos internos. A Asociación Americana de Terapia Artística defínea como "unha profesión que utiliza a arte, as imaxes, o proceso creativo e as respostas do paciente/cliente ante as súas creacións

como reflexos do desenvolvemento, habilidades, personalidade, intereses, preocupacións e conflitos do individuo".



En que se basea esta terapia?

A súa práctica baséase no coñecemento das técnicas psicolóxicas e trátase dun modo de "reconciliar problemas emocionais, fomentar a autoconciencia, desenvolver habilidades sociais, manexar condutas, resolver problemas, reducir a ansiedade, axudar a orientarse cara á realidade e incrementar a autoestima". A arte supón unha forma fácil e cómoda de nos mergullar no interior da nosa psique, de sacar os conflitos ao exterior e manexalos dun modo indirecto, transformándoos de xeito creativo.

O obxectivo é que os pacientes realicen obras de arte?

Non se trata de facer unha xenial obra de arte nin de aterse a determinadas regras ou normas á hora de facer as cousas, e tampouco é necesario que lles guste aos demais. O que importa é o simple feito de crear e, sobre todo, de facelo con sinceridade, deixando que afloren os nosos sentimentos e emocións, que a nosa creación teña significado e contido e sexa un reflexo do que está sucedendo no noso interior. Pódense usar formas abstractas, liñas, cores, recortes para facer colaxes, arxila, plastilina, escritura, decoración do fogar, poesía; pódese pintar, debuxar, esculpir ou calquera outra cousa que resulte agradable de facer e que implique algún tipo de proceso creativo.

Que tipos de terapia existen?

A terapia artística pódese facer en dúas modalidades: a libre e a estruturada. A primeira consiste en deixarnos levar e crear o primeiro que apareza na nosa mente, sen saber sequera o que estamos facendo ata que o terminamos. Neste caso o que facemos é abrir as portas do noso subconsciente e deixar que afloren os seus contidos á conciencia. Tamén serve para incrementar a expresión da creatividade.

Na terapia estruturada o terapeuta pídelle ao paciente que faga un traballo determinado ou utilice materiais específicos, co fin de traballar certos aspectos da problemática do individuo en cuestión ou de profundar máis neles. Pode pedirlle, por exemplo, que faga varias máscaras que reflictan diversas facetas da súa personalidade; que debuxe os sentimentos que experimenta ante unha determinada enfermidade, un recordo importante, a propia familia etc. Algúns médicos, por exemplo, pídenlles aos seus pacientes que creen imaxes relacionadas co seu tratamento para descubrir deste xeito cales son as súas crenzas acerca da terapia e como lles están afectando aos resultados.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
▪ Como se chama? ▪ A que se dedica? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/aldea/vila... ▪ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
Faga un resumo do contido do texto. ▪ En que consiste unha terapia artística? En que casos se emprega? ▪ Que tipo de obras poden facer os pacientes? ▪ Cales son as modalidades de terapia artística que existen? Como son?	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
Realice unha exposición acerca da seguinte afirmación: “O que importa é o simple feito de crear e, sobre todo, de facelo con sinceridade.” “En moitas ocasións é moi difícil ou demasiado doloroso comunicar con palabras determinados conflitos.” “Non é aconsellable empuxar unha persoa a tratar os seus conflitos ou traumas se non se sente preparada.” “Ás veces o tempo é suficiente para conseguir a forza necesaria para empezar a lles facer fronte aos problemas.”	
4. INTERACCIÓN	4 minutos aprox.

OPCIÓN A

“O que importa é o simple feito de crear e, sobre todo, de facelo con sinceridade.”

- A vostede gústalle a arte? De que tipo?
- Que entende vostede por crear?
- Cre que para crear é necesario ter unha sensibilidade ou un don especial?
- Hai algún tipo de arte que fai vostede como afeccionado? Cal? Dende cando?
- (Se procede) Coñece vostede algunha iniciativa parecida no seu lugar de orixe? Cal? Que opinión lle merece?

OPCIÓN B

“En moitas ocasións é moi difícil ou demasiado doloroso comunicar con palabras determinados conflitos.”

- Cre que é realmente necesario comunicar todo o que sentimos? Por que?
- Cal das manifestacións artísticas mencionadas no texto considera que pode ser máis efectiva como terapia? Faríaa en caso de precisala?
- Parécelle posible esquecer ou diminuír a dor a través da creación artística? Por que?
- No caso da arte como terapia, coida que pode ser máis efectivo crear libremente ou someterse a algunhas regras de elaboración? Por que?
- (Se procede) Coñece vostede algunha iniciativa parecida no seu lugar de orixe? Cal? Que opinión lle merece?

OPCIÓN C

“Non é aconsellable empuxar unha persoa a tratar os seus conflitos ou traumas se non se sente preparada.”

- Vostede cre que nalgúns casos pode ser menos beneficioso, ou incluso nocivo, sacar á luz determinados problemas?
- Se unha persoa non está interesada en someterse a unha terapia, parécelle correcto que se insista en que o faga? En que casos?
- Considera que pode funcionar a terapia cando se fai por imposición? Non cre que pode ser máis traumático?
- Faría vostede este tipo de terapia se a necesitase? E outro tipo? Cal?
- (Se procede) Coñece vostede algunha iniciativa parecida no seu lugar de orixe? Cal? Que opinión lle merece?

OPCIÓN D

“Ás veces o tempo é suficiente para conseguir a forza necesaria para empezar a lles facer fronte aos problemas.”

- Considera vostede que o tempo é o mellor remedio para sandar as feridas da alma?
- En que casos cre que se debe buscar axuda e non deixarlle todo ao tempo?
- Coñece algún caso de depresión, sufrimento ou angustia que se curou con algún tipo de terapia? Cal? Como foi?
- Pensa que hai outras formas de curar este tipo de problemas sen buscar a axuda dun profesional? Cales?
- (Se procede) Coñece vostede algunha iniciativa parecida no seu lugar de orixe? Cal? Que opinión lle merece?